

ACORDO SOBRE PROFESORADO EMÉRITO AO ABEIRO DA NORMATIVA (Consello de Goberno do 30/03/2004).

A normativa que recolle a figura do profesor emérito no acordo do Consello de Goberno de 30 de marzo de 2004 aprobouse como medida transitoria nun contexto no que se precisaba a optimización de recursos, ademais de avanzar no reequilibrio do cadro de persoal docente. A Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 2 de xullo de 2008 anula o parágrafo último do apartado primeiro e a Disposición Transitoria Segunda desa Normativa, polo que o programa deixa de ter o obxecto para o que foi deseñado.

É por isto, que o Consello de Goberno, na súa sesión de 11 de febreiro de 2009

ACORDA:

ÚNICO.- Deixar sen efecto a Normativa para a contratación de profesorado emérito aprobada por este Consello de Goberno o 30 de marzo de 2004, así como a disposición transitoria da Regulación da figura de profesor emérito aprobada o 21 de decembro de 2005.